



A MULLER GALEGA DIANTE DA AUTONOMIA



DIANTE da situación preautonómica na que nos atopamos, o MDMG, a o mesmo tempo de apoiar o proceso de avance cara Autonomía, coida que neste intre a Xunta de Galicia ten que resolver os problemas plantexados na nosa sociedade, entre eles a grave situación na que nos atopamos as mulleres galegas.

Coidamos que os puntos mínimos que a Xunta tense que plantexar pra darlles resposta inmediata, son:

- Creación de unha infraestrutura de centros maternas e de pediatría en todo o territorio galego.
- Creación de centros de planificación familiar coa participación e control dos movementos cidadáns e organizacións feministas.
- Utilización das escolas unitarias existentes na zoa rural pra impartir o ensino maternal e preescolar.
- Igualdá nas prestaciós da Seguridade Social pra muller campesiña por cotizar do mesmo xeito que o home.
- Inclusión da muller campesiña casada no Censo Electoral Agrario, por dereito propio.
- Dereito ao "Certificado de Competencia de Mariñeiro" pra todas as mulleres do mar que o desexen.
- Control e participación dos grupos feministas na laboura de programas periódicos dirixidos a muller a traveso de todos os medios de comunicación de Galicia incluída a T. V.

O MDMG apoia o proceso autonómico e ao mesmo tempo está disposto a manter estreito diálogo ca Xunta de Galicia a traveso das suas Consellerías, incidindo en todas as desisiós que afecten a muller Galega.

O MDMG fai un chamamento a Galicia galegos pra conquistar a plena incorporación da muller sin discriminación de ningún tipo, na futura sociedade galega ceibe e autogobernada que estamos a construír.

**MOVEMENTO DEMOCRATICO
DA MULLER DE GALICIA**

